

ÁMBITO

Localidade Sarria-Samos

Comarca Lugo centro

Lugar de realización Hotel Alfonso IX

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 18

Nº de non militantes asistentes 5

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local: Fernando López

Representante do Consello Nacional: Bernardo Valdês

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión :1 horas 40 min.

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) Breve exposición inicial e despois debate aberto
Colocación en círculo das/os participantes

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Tono xeral positivo e con unha elevada participación. No debate interveñen arredor das tres cuartas partes das/os asistentes.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

No debate coméntanse distintos aspectos, nalgúns casos existe acordo noutros non.

Con carácter xeral

- É necesario escoitar á xente para mudar o que haxa que mudar mais non deixarse levar polas modas.
- O BNG ten unha historia que condiciona o seu presente, nuns casos para ben e noutros para mal (divisións, enfrontamentos, exclusións,...)
- Existe un debate sobre o papel do BNG nos movementos sociais, parte considera que o BNG deixou de estar presente e parte considera que mantén un papel fundamental embora iso non se traduza nos resultados electorais.
- No bipartito houbo erros e parte da perda de apoio ten a ver con iso, foi un "punto de inflexión". Tamén se coloca no debate que sufrimos fortes campañas contra nós porque as nosas políticas na Xunta enfrontaron os grandes poderes económicos.

Radiografía da Galiza de hoxe

- Na actualidade existe un estancamento en vender o nacionalismo como algo fundamentalmente lingüístico ou cultural. Sen embargo déixanse outra cuestións esquecidas, aspectos como o territorio, se hoxe temos unha cultura, lingua,... é tamén porque temos un territorio claramente diferenciado.
- Existen dúbidas de que o BNG estea afrontando ben a problemática actual do rural e do agro. O actual modelo agrogandeiro está esgotado, non ten futuro. Neste sentido urxe mudar o noso discurso sobre a agricultura.

Estratexia política do nacionalismo galego

- A refundación pasa por definir o que queremos que chegue á xente, non pensando unicamente no traballo institucional senón tamén no traballo social.
- Parte da mocidade abandonou o BNG porque este non ten un concepto claro do que é o nacionalismo e viu outros proxectos mais atractivos, cómpre definir ben o nacionalismo e esta definición non pode ser defensiva.
- A sociedade galega non está preparada para un discurso que só fale de soberanismo. É necesario conseguir un discurso que ligue o nacional co social e agora mesmo non se está conseguindo, cómpre mudar as formas.
- Non serve calquera nacionalismo, o BNG debe ter unha posición inequivocamente de

PROPOSTAS PARA O DEBATE

esquerda e definir mais o seu modelo no discurso público.

- É normal que existan distintas opcións nacionalistas porque existen distintas ideoloxías embora a unión poda ser boa para certas cousas e poden existir acordos/coalicións.
- Dada a debilidade mostrada nos últimos procesos electorais o BNG debe procurar acordos con outras organizacións para as próximas eleccións.
- Non debemos ter un discurso moi duro contra grupos que se sitúan teoricamente á esquerda do PSOE.

Participación política e modelo organizativo

- A bicefalia debía manterse, desa forma a organización pode corrixir mellor os posíbeis erros na súa actuación institucional.
- Mudar de siglas non debe ser un problema se con iso gañamos, o importante é o proxecto non o nome.
- Hai xente que leva moitos anos e debe retirarse, tanto no ámbito institucional como no das responsabilidades na organización.
- Nos concellos pequenos as persoas que representan o BNG son o mais importante.
- Nos debates internos é importante mudar as formas, abandonar a agresividade verbal que teñen algunhas persoas.
- A fórmula frentista do BNG na actualidade xa non ten sentido, debían desaparecer os partidos dentro do BNG.
- O nome BNG en moitas localidades non permite chegar, cada localidade debería decidir se nas municipais quere presentarse como BNG ou prefire coalicións con outras forzas.